

## Santa Mariña do Monte

### COOPERATIVAS

Ao pouco de empezar os traballos na finca do Carveiral (algún día contarei algo sobre o Carveiral), comezamos a xuntármonos na miña casa un grupo de labregos da parroquia para ver de montar unha cooperativa unindo as súas fincas. A Concentración Parcelaria seguía para adiante o que favorecería o traballo e acceso ás fincas. Iso daba un pulo máis para ollar a iniciativa con posibilidades de futuro. Despois de moitas voltas e revoltas déuselle para adiante ao proxecto e creouse a “**Cooperativa de Explotación Comunitaria Ntra. Señora de la Esperanza**”, con cinco socios que aportaban un número considerable de ferrados de terreo. Eu non tiña fincas na Cooperativa pero considereime e consideráronme sempre como membro da familia. Vivín moi de preto todos os seus avatares.

Estimulados por D. Manuel Domínguez, Xefe dos servizos de Extensión Agraria de Ferrol, creamos unha **Cooperativa Agraria** para servizo de pensos, abonos e outras cousas. Manuel de Antón, Eliseo Cibreiro e Pepe de Romeu foron os primeiros directivos. Traíamos pensos de Betanzos e gardabámolo en alpendres como podíamos. Cando chegaba un camión con abonos xa tiñan que estar alí os carros para cargar directamente. Sentiuse a necesidade de ter un almacén propio. Para iso mercouse un terreo á familia Sueiras de Silvalonga e nel construíuse o almacén. Claro que isto que digo en dúas liñas, non fai falla ser moi lince para decatarse da cantidade de reunións, pareceres e contra pareceres que levou consigo. D. Manuel moveu Roma con Santiago para conseguir algunha axuda, pero o custo principal caeu sobre nós, empezando por min, pois era o socio número 1. Aí están algúns dos recibos. Polo que vexo acabei aportando 9.610 pts.. Non tiña vacas nin bois, pero si ganas de arrimar o ombreiro. Eu soñaba cunha Santa Mariña nova, encamiñada polo comunitario, e polo tanto comprobaba que ía no bo camiño. Vía que se ía facendo realidade o que cría. Por certo que antes de facer o almacén apareceu a posibilidade de comprar a única tenda que había na parroquia con bar, salón e almacén. Está moi ben centrada para toda a veciñanza. Era propiedade dun dos socios da nova Cooperativa da Esperanza. Puxen moito interese -o mesmo que D.Manuel- en que a mercara a nova Cooperativa. Para min era un paso máis cara ese “comunitarismo” que tanto ansiaba (o de socialismo a min no me asustaba, pero coidábame de non exteriorizalo). Coa finca do Carveiral, a Cooperativa da Esperanza e a Cooperativa de Consumo que soñaba para o sitio onde estaba a tenda da Golpilleira teríamos moito recorrido feito para chegar ao ideal que ansiabamos.

Non foi posible mercar a tenda da Golpilleira. A escusa era sempre a mesma: aquí non hai xente preparada capaz de levar todo iso adiante. Esta

mesma escusa serviu durante bastante tempo para non crear a Sección de Crédito dentro da Cooperativa de Consumo. Sempre que se tocaba o tema, dicíanme o mesmo: “*Fágase cargo vostede dela como o de Narahío*”. Efectivamente o crego de Narahío levaba a Sección de Crédito da Cooperativa. Eu non quería, porque xa eran demasiado pesadas as alforxas coas que ía cargando, e tiña medo a non dar feito. Andando os anos, xa co novo almacén e funcionando bastante ben os servizos da Cooperativa, creouse por fin a Sección de Crédito, tendo que aceptar ir de Vicesecretario. Por votación elixiuse como Secretario a Fernando Couce Fernández. A cousa empezou moi ben. Non tardou en haber máis de 50 millóns. Pero desgraciadamente, a pouca cabeza de Fernando e o pouco control que lle fixemos, deu a razón aos desconfiados de sempre: “*Non hai xente que valla para levar iso*”. Acabou con un desfalco (simulado por un roubo?) de máis da metade do capital. Cando isto aconteceu, eu xa non estaba na Parroquia. Teño que confesar que foi o desgusto máis grande da miña vida. Queríalle a familia de Fernando tanto ou máis ca miña. Tiña pasado moitas horas con eles, e comido cantidade de veces naquela cociña sempre ateigada de veciños; e tíñalle moito querer á xente da parroquia e aos socios da Cooperativa que tantas veces confiaron en min para dar pasos adiante. Doíame que a metade dos seus aforros esbarraran polo río abaixo sen que Fernando dera unha explicación razoable do que pasara. Aínda hoxe me sigue doendo o que alí aconteceu.

E, dalgunha maneira, síntome culpable por haber empuxado tanto á xente para crear a Sección de Crédito e por non ter controlado máis de preto as inversións. É verdade que non era esa a miña obriga, pero o conto é que uns por outros a desfeita foi total, o desánimo continúa, a división é manifesta e os cartos non se sabe quen os comeu. O único certo é que os socios quedamos con menos da metade. Iso supuxo tamén a desaparición da Cooperativa do Campo, pois o almacén xunto co terreo foi vendido polos administradores Xudiciais. Nunha palabra, o desastre completo. Pero o peor de todo foi a desfeita anímica, o aparecer outra vez esa negra sombra que cubre de desánimo calquera iniciativa e dálle a razón aos agoireiros de calamidades. Teño gravada na mente e no corazón aquela xuntanza de socios nos Xulgados de Ferrol cos Administradores Xudiciais para repartírmolos os ponzoñentos osos que quedaban desa gran ilusión!!. Que pena!!. É moi triste ver morrer –e de que maneira!!- iniciativas tan fermosas. Non se me ocorre outro símil que o da nai que ve morrer o seu fillo, non por causa dunha enfermidade, senón polas malas entrañas dun compañeiro.

Ramón Díaz Raña